

REVISTA MENSUAL

HORTOCOLIÑA

NOVEMBRO 2018

A VIOLENCIA DE XÉNERO

Para loitar contra a violencia de xénero no CEIP de Sigüeiro, preparamos un video-clip coa canción de "La Puerta Violeta" de Rozalén. Cada curso expresa a canción mediante xestos, signos...

NON A VIOLENCIA!

CAMPIÓN'S DE TAEKWON-DO

O sábado 17 en Alxeciras celebrouse un campionato ao que asistiron algúns dos nosos compañeiros. Rodrigo de 6ºB tróuxonos una medalla de ouro en combate e Breixo de 2ºB fixo unha gran competición. É un gran logro para os nosos compañeiros de I.T.F taekwondo.

Noraboa!

UN PASEO POLO CARBOEIRO

Os nenos, nenas e profes de 5º e 6ºB de infantil saímos o xoves 15 de novembro ao Carboeiro. E non vos creades que fomos mal preparados!

Puxemos as nosas catiúscas de goma e marchamos para alí, a buscar diferentes tipos de follas e ademais viron landras, cogomelos, acivros e libélulas. Pasárono xenial entre todos e todas!



OS BOLECHAS VISITAN O NOSO COLE

O luns 19, os alumnos de 2ºB, tivemos unha visita moi especial, un dos irmáns Bolechas: Braulio. Gravou con nos un capítulo do BRAULIO TUBER, para a televisión de Galicia. Foi moi emocionante!

Entrevistounos a todos, a entrevista xirou sobre a fotografía. Falamos sobre o inventor da fotografía: Joseph Nicéphore Niépice, que era francés! Ensinámoslle cal era a nosa foto favorita e ata cantamos unha canción! Fixémoslle un agasallo que lle gustou moito, un libro con fotos das actividades da aula.

Pasámolo moi ben, temos ganas de vernos na tele. Que emocionante!



OS MENOS DE 6º E 5º CASE QUEDAN SEN OBRA DE TEATRO.

O 6 de novembro foron de excursión a Santiago ver unha obra de teatro. Ao pouco de chegar saíron dous actores e dixeron que o seu compañeiro caera e dislocara un ombro. Os actores díxéronlle que farían a primeira escena. Pero logo continuaron e os dous sos fixeron a obra enteira.

PROGRAMACIÓN PARA 6º

En novembro realizouse un curso de 10h para os nenos e nenas de 6º.

Este curso realizouse desde o martes 13 ata o martes 27, estiveron aprendendo a utilizar "Scratch", aprenderon a mover os personaxes, cambiarlles a cor, que poidan falar, poñer sons, cambiarlle os escenarios e moitas cousas máis!

Utilizaron os ordenadores e ademais foi traballo en equipo!

ENTREVISTA AOS MENOS E NENAS DE 3 ANOS

Hoxe desprazámonos a clase de 4ºA infantil para facerlle unhas preguntíñas.

- Fixestes algunha receita?

-Si, a última foron "brochetas de outono". Tamén fixemos marmelada de mazá, galletas, nachos...

- Qué receita vos gustou máis?

-Lucía Coello - A marmelada.

-Naiara - A mandarina da brocheta.

- Que clase vos gusta mais?

-La clase de María!!!

-Nuria - psicomotricidade.

- Qué vos gusta máis do colexio?

-Xogar, pintar, tocar as trompetas, cantar, ler contos, o recreo, regar cos maiores...

- Qué agasallos ides pedir por Nadal?

-Alejandra - barbie con animais.

-Naiara - un hermanito o hermanita

- Gústavos ir o horto?

-Si, imos traer as nosas botas.

- Ides facer algunha excursión?

-Si, vamos ir o cine a ver "El Grinch".

- (María) Cal das experiencias do teu libro "Eu cociño ti cociñas" che gustou máis?

-Foi a estrea do libro! En Pontevedra cos nenos e nenas e as súas familias, Gloria e moitos escritores.

- (Bea) Por que estudaches para ser mestra de infantil?

-Porque quería aportar algo a sociedade empezando polos pequenos.

Moitas grazas nenos e nenas. Sodes estupendos!

